

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 22 DE SETEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se aproba o Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Bértoa fase II, sectores A e B, no Concello de Carballo (A Coruña).

##### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Brión do treito inicial da estrada autonómica AC-300 comprendido entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+770, incluído todo o dominio público viario.

#### **ACORDOS**

##### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de xestión do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia (CIAE 112 Galicia), mediante procedemento aberto, adxudicación con base nunha pluralidade de criterios, tramitación ordinaria e licitación electrónica, polo importe de licitación de nove millóns setecentos cincuenta e dous mil novecentos noventa e sete euros con setenta céntimos (9.752.997,70 €), IVE incluído, e cun valor estimado de dezanove millóns trescentos corenta e catro mil setecentos oitenta e oito euros con oitenta céntimos (19.344.788,80 €).

##### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) para o financiamento da adquisición de licenzas de bases de datos e elaboración de informes de análise bibliométrica no Sistema Universitario de Galicia (SUG), por un importe total de cento setenta mil douscentos dez euros con tres céntimos (170.210,03 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba o Plan EDUC-ART para a actualización e mellora das ensinanzas artísticas en Galicia.

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da Resolución das axudas encamiñadas á mellora da seguridade, a competitividade e a obtención de certificacións, selos ou marcas de calidade nas áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Senda peonil na AC-862. Ortigueira", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trescentos trece mil cincocentos sesenta e catro euros con corenta e sete céntimos (313.564,47 €).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Portas para obras de mellora da escola municipal de música, por importe de seiscentos dezasete mil seiscentos noventa e oito euros con cinco céntimos (617.698,05 €).

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, e o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde), polo que se lle concede unha subvención autonómica a este, para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, no desenvolvemento dun Programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión forestal activa e sustentable, durante os anos 2025, 2026 e 2027, por un importe total de cento oitenta e un mil cincocentos euros (181.500,00 €).

## CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de acondicionamento dos edificios de departamentos no porto de Combarro, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), cun orzamento base de licitación dun millón trescentos noventa e tres mil douscentos noventa e seis euros con sesenta e oito céntimos (1.393.296,68 €) IVE incluído.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual e a modificación da porcentaxe sinalada no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, en relación coa orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan dúas bolsas de formación en materia de investigación mariña para persoas con titulación superior, por importe de sesenta e un mil cincocentos vinte euros (61.520,00 €).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a actividade formativa e a matriculación no curso académico 2025-2026 no Centro Superior de Hostalería de Galicia.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o balance das actividades Van polo clima.

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o seguimento do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade (3º informe).

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a situación económica e financeira das entidades locais galegas.
- Informe sobre as medidas fiscais adoptadas ata o momento como consecuencia dos incendios forestais que afectaron a Galicia durante o verán do ano 2025.

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a concesión de axudas do Programa para a adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación de servizos TIC para a integración de dispositivos de paciente baseados na nube do proveedor.
- Informe sobre os convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Consello de Colexios de Médicos de Galicia, os colexios oficiais de odontólogos e estomatólogos de Galicia, o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia e os catro colexios oficiais de farmacéuticos e farmacéuticas de Galicia, nos cales se establecen as bases para a posta á disposición dos prescritores dunha plataforma homologada de receita privada electrónica en Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o inicio do Programa Piloto para a vacinación contra a gripe, por vía intranasal, nos centros escolares de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Informe sobre o apoio da Xunta de Galicia ao Museo e ao Arquivo da Construción Naval de Ferrol da Fundación EXPONAV.
- Informe sobre a incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural o denominado muíño das mareas da Seca, localizado no lugar da Seca, na parroquia de San Amedio de Corvillón, no concello de Cambados.
- Informe sobre a execución do Bono Emancípate no ano 2025.

### **CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

- Informe sobre o estado de tramitación do anteproxecto da nova Lei de cooperativas de Galicia.
- Informe sobre a celebración en Portugal do Evento Artesanía no Prato. O sabor da Galicia em Lisboa.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA O PLAN DE ORDENACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE BÉRTOA PARA INICIAR AS OBRAS DE AMPLIACIÓN NO ANO 2027

- O Goberno galego deu luz verde hoxe ao decreto de aprobación definitiva do *Plan estruturante de solo empresarial (Peose)* que permitirá ampliar nun 51 % a superficie actual do polígono carballés
- En concreto, o incremento será de case 630.000 m<sup>2</sup> (fase II) cun investimento previsto de máis de 28 millóns de euros
- En paralelo, a Xunta xa está traballando no proxecto de urbanización da ampliación coa previsión de comezar a súa tramitación no último trimestre deste ano

O Goberno galego aprobou o Plan de ordenación do parque empresarial de Bértoua (Carballo) co obxectivo de poder iniciar as obras de ampliación no ano 2027. Así, o Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao decreto de aprobación definitiva do *Plan estruturante de solo empresarial (Peose)* que permitirá incrementar nun 51 % a capacidade actual deste polígono coruñés.

En concreto a ampliación (fase II) contará cun investimento de máis de 28 millóns de euros e sumará 629.587 m<sup>2</sup> á superficie total de 1,2 millóns de metros cadrados que ten neste momento o parque industrial e que xa está esgotada.

A actuación promovida pola *Sociedade Xestión do Solo de Galicia (Xestur)* no marco do *Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, (Psoaeg)*, busca dar resposta ás necesidades de solo existentes tanto no concello de Carballo como na súa contorna.

Neste marco, a Xunta xa está traballando no proxecto de urbanización da ampliación coa previsión de comezar a súa tramitación no último trimestre de 2025. En definitiva, trátase de axilizar ao máximo todos os trámites e adaptar todo o posible o desenvolvemento do solo ás necesidades reais que ten o tecido produtivo.

#### Máis solo empresarial na Coruña

A ampliación deste polígono industrial enmárcase na estratexia do Executivo autonómico de crear un tecido empresarial forte e competitivo, dotándoo de máis solo empresarial e coa base nun modelo de desenvolvemento industrial ordenado, eficiente e respectuoso co medio ambiente, que atraia investimentos, favoreza a creación de emprego e garanta o equilibrio territorial.

No caso da provincia da Coruña, a Xunta está a tramitar preto de 2,1 millóns de metros cadrados de solo empresarial en parques empresariais como o da Sionlla (Santiago de Compostela), Cabana de Bergantiños, Coristanco, Santa Comba, o de Morás en Arteixo (fase Ce D) e o de Bértoua.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE BRIÓN DO TREITO INICIAL DA AC-300

- Transfírense o treito inicial de preto de 800 metros de lonxitude da AC-300, incluído todo o dominio público viario, xunto co nó viario coa estrada AC-543
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das vías incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello de Brión terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Brión, do treito inicial da AC-300, comprendido entre os puntos quilómetros 0+000 ao 0+770, xunto co seu dominio público viario, e do nó viario da estrada AC-543 (do punto quilométrico 9+700 ao 9+770), que serve de conexión entre o inicio da AC-300 e o inicio da AC-451.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade destes treitos.

A transferencia destes treitos a prol do Concello de Brión tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Brión terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas autonómicas, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos das vías autonómicas obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA PRETO DE 10 M€ Á XESTIÓN DO 112 GALICIA

- O Consello da Xunta aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a tramitación da contratación do servizo de xestión do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias
- O contrato terá unha duración de 24 meses con posibilidade de ser prorrogado

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a tramitación da contratación do servizo de xestión do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112 Galicia por un importe de máis de 9,7 millóns de euros. O contrato inclúe a xestión operativa durante as 24 horas e os 365 días do ano, así como o soporte tecnolóxico. O prazo de execución é de 24 meses, coa posibilidade de ser prorrogados.

Situado no concello pontevedrés da Estrada, o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia creouse en 2017 como parte da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), co obxectivo de garantir unha xestión integrada das emerxencias.

Cómpre sinalar que, xunto ao labor de atención telefónica, o 112 Galicia realiza actividades de divulgación a prol do uso responsable do número de emerxencias. Entre elas figuran as visitas ás súas instalacións, a coordinación na execución de simulacros con diferentes colectivos e a emisión de consellos preventivos para asegurar o benestar das persoas e bens, a través de publicacións na páxina web e nas redes sociais. Ademais, comunican a concorrencia de fenómenos adversos e activan plans de emerxencia e protección civil para xerar accións de autoprotección fronte aos riscos xerados.

No desenvolvemento do labor deste servizo de atención ás emerxencias ten especial relevancia o compoñente tecnolóxico, baseado na Plataforma GEMMA. O centro dispón a maiores doutras ferramentas e subsistemas que dan resposta a diferentes necesidades operativas e que funcionan de modo integrado.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA DOTARLAS DUN PROGRAMA DE ANÁLISE BIBLIOMÉTRICO QUE IMPULSE A PRODUCCIÓN CIENTÍFICA**

- Finánciase a contratación das licenzas de uso das bases de datos de análise bibliométrica Incites e Scival
- Facilita a integración da información científica elaborada nas universidades públicas, favorecendo a súa coordinación e avaliación

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio co Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) para dotar as tres universidades públicas galegas dun programa de análise bibliométrica que impulse a produción científica.

Cun investimento de 170.000 € para os anos 2025 e 2026, con cargo a este convenio financiarase a contratación de licenzas das bases de datos de análise bibliométrica Scival e Incites. Así mesmo, desenvolverase un plan de formación e tarefas de asesoramento especializado, elaboración, contraste e validación de informes.

O programa dá servizo tanto o persoal das tres universidades como do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia e da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O obxectivo é poder integrar a información científica producida nas tres universidades públicas para a súa mellor coordinación, impulso e avaliación. Facelo a través dun ente como o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia facilita o uso eficiente de recursos e que se compartan os datos dun xeito máis áxil.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINARÁ 10,4 M€ AO IMPULSO E MODERNIZACIÓN DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS CO NOVO PLAN EDUC-ART**

- Actualizarase a normativa, renovarase a oferta, avanzarase en dixitalización e innovación e darase pulo á internacionalización destes estudos
- Tamén se potenciará a relación co tecido produtivo e darase visibilidade á calidade destas ensinanzas e ao traballo do seu alumnado
- Salienta que Galicia é hoxe un referente a nivel nacional neste eido, co máis do dobre de matriculados que hai 20 anos, e a segunda comunidade coa maior porcentaxe de alumnado matriculado nestas ensinanzas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vai destinar 10,4 M€ ata 2030 ao impulso e modernización das ensinanzas artísticas a través do novo Plan EDUC-ART, aprobado hoxe no Consello.

A iniciativa, impulsada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, ten como obxectivos estratéxicos mellorar a calidade destas ensinanzas, achegalas á realidade actual, poñelas en valor e potenciar a súa relación co sector produtivo.

O presidente salientou que o plan desenvolverase a través dun total de 37 medidas organizadas arredor de oito liñas de actuación: a actualización normativa, a mellora e dixitalización, a renovación da oferta formativa, a innovación, a internacionalización, a promoción e difusión destas ensinanzas, o recoñecemento da excelencia e a potenciación dos seus vínculos co mundo laboral e empresarial.

Rueda destacou o pulo que a Xunta deu nos últimos 20 anos a esta formación académica, de tal forma que Galicia é hoxe un “referente a nivel nacional” neste eido. O interese por estas ensinanzas, derivado da súa calidade, foi tamén medrando nas últimas dúas décadas, nas cales a matrícula “duplicouse”, pasando dos 3.000 alumnos aos máis de 6.200 actuais. De feito, Galicia é a segunda comunidade autónoma do Estado, tras Valencia, coa maior porcentaxe de alumnado matriculado en ensinanzas artísticas.

#### **Fomento das Escolas de Música**

As tres primeiras liñas de actuación do plan céntranse na actualización normativa e implementación dos cambios derivados da Lei 1/2024, do 7 de xuño, pola que se regulan as ensinanzas artísticas superiores, así como na renovación e mellora da oferta educativa e na dixitalización.

Neste ámbito destacan medidas como a ampliación de prazas e o fomento das ensinanzas das Escolas de Música, fase previa ao ingreso nos conservatorios profesionais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Impulsarase, ademais, a incorporación de novas especialidades e novos programas de mestrado e doutoramento. Neste sentido, cómpre lembrar que o Goberno galego puxo en marcha en 2023 o primeiro máster en ensinanzas artísticas de Galicia, en creación, interpretación e investigación musical, que se imparte no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Así mesmo, e coincidindo co Plan para a simplificación das tarefas burocráticas, facilitarase a redución dos procesos administrativos coa introdución da matrícula en liña mediante aplicación ou automatización mediante o uso da intelixencia artificial.

### **Novos premios PREMI-ART e bolsas**

A intelixencia artificial será tamén unha ferramenta protagonista nas liñas de innovación e internacionalización, incorporándoa na creación de novas contornas virtuais de ensino-aprendizaxe. Para estes avances contarase coa colaboración do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros e con formación especializada para a capacitación do persoal docente. O traballo desenvolvido polos centros neste eido darase a coñecer a través dos novos premios PREMI-ART, que recoñecerán os mellores proxectos innovadores.

A maiores, potenciarase as ensinanzas plurilingües a través do programa PLURIART, a participación do alumnado en programas como o Erasmus+ ou as estadías formativas no estranxeiro como as que xa se desenvolven en colaboración coa Fundación MOP para os estudantes de fotografía das escolas de arte e superiores de deseño.

### **Programa de grandes obras escénicas**

O recoñecemento da excelencia e a promoción das ensinanzas artísticas son parte fundamental do plan. Nesta liña de actuación darase continuidade aos premios existentes (extraordinarios de ensinanzas artísticas profesionais, fin de carreira, á Excelencia Musical Mans Futuro en colaboración coa Fundación Paideia...) e aos diferentes escaparates nos que a Consellería de Educación amosa a calidade destes estudos.

Así, continuarán celebrándose a feira InnovArt, o desfile Despunte ou o encontro de Ensinanzas do sector da imaxe de Galicia, Enfócate, ademais de outros novos eventos para a promoción destas ensinanzas. Tamén se promoverá, baixo a denominación Escénica, un programa de representación de grandes obras escénicas (óperas, zarzuelas, ballets, teatro, musicais, etc) que requiren a colaboración dos centros de música, danza e arte dramática con outros centros e entidades para o seu desenvolvemento.

### **Formación dual intensiva**

A última liña de actuación do plan céntrase na potenciación dos vínculos das ensinanzas artísticas co mundo laboral e empresarial, a través do programa Colabor-art. Entre outras accións, prevese avanzar na formación dual intensiva, tras a boa acollida do itinerario de Xoiaría e complementos que foi pioneiro no Estado en impartirse nesta modalidade na especialidade de Produto da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo (Santiago de Compostela).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se establecerán convenios específicos para potenciar os vínculos das ensinanzas artísticas co tecido produtivo para facilitar as prácticas do alumnado e porase en marcha o programa para a acreditación da experiencia profesional e formación non formal nas ensinanzas artísticas entre outras medidas.

### **Rede de 16 centros**

As ensinanzas artísticas abranguen as de Artes plásticas e deseño, Conservación e restauración de bens culturais, as ensinanzas superiores de Música e de Arte Dramática e as ensinanzas elementais e profesionais de Danza e de Música.

Tal e como lembrou o presidente, impártense nunha rede de 16 centros da Xunta distribuídos por toda Galicia, en concreto nas Escolas de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso (A Coruña), Mestre Mateo (Santiago de Compostela), Ramón Falcón (Lugo) e Antonio Faiñe (Ourense), na Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia (Pontevedra), nos conservatorios superiores de Música da Coruña e Vigo, na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Vigo), no Conservatorio Profesional de Danza de Lugo e nos conservatorios de música profesionais da Coruña, Xan Viaño (Ferrol), de Santiago, Xoán Montes (Lugo), de Ourense, Manuel Quiroga (Pontevedra) e de Vigo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 1 M€ PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DE 15 ÁREAS EMPRESARIAIS A TRAVÉS DA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA A MODERNIZACIÓN DE EQUIPOS E SISTEMAS DE SEGURIDADE**

- Os apoios están destinados a optimizar os equipamentos e sistemas de protección, a elaboración de plans de emerxencia, así como para a obtención de certificacións, selos ou marcas de calidade
- O programa de axudas, dirixido ás asociacións de empresarios, ás entidades de conservación e ás comunidades de propietarios das áreas empresariais da Comunidade galega, concede achegas máximas de 120.000 euros e anticipos de ata o 25 % da achega concedida

O Consello da Xunta tomou razón esta mañá da resolución da primeira orde de axudas que o Goberno galego impulsa para incrementar a competitividade das áreas empresariais da Comunidade. O obxectivo pasa por modernizar os seus equipamentos e sistemas de seguridade e facilitar a obtención das certificacións, selos ou marcas de calidade. Esta liña de apoios, da cal se van beneficiar 15 áreas empresariais por un importe que supera o millón de euros, está dirixida á implantación de solucións que permitan minimizar os riscos nestas infraestruturas e mellorar os servizos que ofrecen ás empresas alí implantadas.

O novo programa de apoios está dirixido ás asociacións de empresarios, ás entidades de conservación e ás comunidades de propietarios de áreas empresariais galegas. A axuda máxima por solicitude é de 120.000 (ata o 80 % do orzamento do proxecto) e contéplanse anticipos de ata o 25 % do importe da subvención concedida. Cómpre subliñar que co fin de dinamizar o rural galego, aquelas solicitudes que teñen por obxecto áreas empresarias localizadas en municipios de menos de 10.000 habitantes contaron cunha maior puntuación.

O programa recibiu un total de 20 solicitudes, das que 15 resultaron beneficiarias e as cinco restantes foron desestimadas por non cumprir cos requisitos establecidos nas bases. Das 15, sete delas se corresponden con áreas empresariais da provincia da Coruña, que recibirán un total de 500.927,99 euros (o 49,14 % do orzamento concedido); dúas na provincia de Lugo por un global de 135.240,75 euros (o 13,27 %); cinco apoios concedéronse na provincia de Pontevedra e contarán cunha achega que suma 285.716,09 euros (o 28,03 %) e, finalmente, en Ourense concedeuse unha subvención por importe de 97.497,51 euros (9,56 %).

Con respecto ás actuacións máis demandadas polos solicitantes no marco desta orde de axudas, destacan a instalación de cámaras térmicas para detección de incendios e cámaras de vixilancia, a implantación de plans de emerxencia e a obtención de selos ou certificacións de calidade nas áreas empresariais e a formación en materia de seguridade do persoal traballador.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que ademais de para estes conceptos, a liña de apoios tamén subvencionaba equipamentos para reducir o risco de accidentes e inundacións na área empresarial; a sinalización horizontal e vertical destinada á mellora da seguridade nas áreas comúns; sistemas contra o roubo de cable; gastos de consultoría ou asesoramento e outros equipos de uso común que melloren o desenvolvemento da actividade industrial, agás as instalacións industriais.

Esta nova orde de axudas inclúese no programa que o Goberno galego ten activo para a modernización e mellora da competitividade dos polígonos industriais galegos e do que tamén forma parte a liña de apoios destinada a mellorar as infraestruturas dos parques empresariais. Este programa, dirixido aos concellos galegos que queiran realizar melloras relativas á implantación de iluminación pública eficiente, plantas de depuración de auga, xestión de residuos, infraestruturas viarias, así como servizos centralizados de subministración de gas e hidróxeno verde, ampliaba hai uns días o seu orzamento ata alcanzar os 5,5 millóns de euros que permitirán atender todas as solicitudes recibidas e que cumpran cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O PROXECTO PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA AC-862 EN ORTIGUEIRA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO QUE ROLDA OS 315.000 €**

- Trátase de construír un novo itinerario duns 500 metros de lonxitude que favoreza o tránsito peonil para as vivendas da contorna, e que permitirá unir o núcleo do municipio e o aparcadoiro que se habilita no Festival de Ortigueira
- Na intervención proxectada inclúese a definición de todos os accesos existentes con solucións concretas estudadas para cada caso particular, así como a rede de camiños existente na entorna
- Tras a análise das achegas presentadas incorpóranse na actuación a instalación de balizas de alumeado ao longo do percorrido da senda, conectadas a rede de alumeado municipal
- A previsión é convocar os actos expropiatorios neste outono, para a continuación licitar as obras e executalas en 2026

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para construír unha senda peonil na estrada autonómica AC-862, ao seu paso polo concello de Ortigueira.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación de mellora da mobilidade e seguridade viaria, rolda os 315.000 euros no que se inclúe o pagamento dos 11 predios necesarios para executar a obra, un deles en ocupación temporal.

A través desta intervención, trátase de crear un novo itinerario, de medio quilómetro de lonxitude, na marxe esquerda desta vía autonómica, situada entre os puntos quilométricos 52+290 e 52+809.

O obxectivo da intervención é favorecer o tránsito peonil seguro para as vivendas que se sitúan no citado tramo da traza da AC-862, e que ademais permitirá unir o núcleo do municipio e o aparcadoiro que se habilita durante o Festival internacional do Mundo Celta de Ortigueira.

No proxecto que se aprobou inclúese a definición de todos os accesos existentes con solucións concretas estudadas para cada caso particular, así como a rede de camiños existente na entorna.

A Xunta, tras a análise das achegas presentadas ao proxecto inicial, incorporou no proxecto de construción balizas de alumeado ao longo do percorrido da senda, conectadas a rede de alumeado municipal.


Na intervención proxectada prevense, tamén, as actuacións complementarias necesarias de drenaxe e sinalización horizontal e vertical na estrada.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS


A aprobación definitiva deste proxecto no Consello da Xunta leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos predios necesarios para executar esta intervención.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas convocará o levantamento de actas previas das expropiacións neste outono, en paralelo á redacción do proxecto construtivo que permitan a licitación das obras e a súa execución en 2026. As obras contan cun prazo de execución de 6 meses.

Plano de planta da situación da zona da actuación aprobada polo Consello da Xunta:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACHEGA 115.000 € PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE PORTAS**

- O Consello dá luz verde á sinatura dun convenio, por un importe total de 617.000 €, entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello pontevedrés
- No acordo prevense obras para a optimización da accesibilidade do edificio e a reorganización dos seus espazos funcionais
- A axuda responde ao compromiso do Goberno galego co mantemento nas mellores condicións dos equipamentos culturais locais
- Así, o municipio contará cunha infraestrutura de calidade, adaptada ás necesidades da súa actividade actual, sen dependencia dos servizos ofrecidos noutras localidades

A Xunta de Galicia achegará 115.000 € para a realización de obras de mellora da Escola Municipal de Música de Portas. Así se autorizou hoxe no Consello, onde se lle deu luz verde á sinatura dun convenio, por un importe total de 617.000 €, entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o concello pontevedrés, respondendo así ao compromiso do Goberno galego coas administracións locais no que respecta ao mantemento nas mellores condicións dos seus equipamentos culturais.

Así, a través deste acordo o Executivo autonómico súmase a este proxecto cunha partida, dividida nas anualidades 2025 e 2026, que se destinará a solucionar os problemas de accesibilidade e distribución dos espazos funcionais do edificio, construído en 1947 no lugar de San Xoán, que antigamente acolleu unha escola pública e que desde fai uns anos foi reconvertido en escola de música.

Deste xeito, a Xunta comprométese a colaborar na adaptación das instalacións ás necesidades da actividade que actualmente se leva a cabo nas mesmas e que contribúe á dinamización cultural da localidade. Neste senso, o proxecto contempla a modificación na organización dos espazos, a mellora nos accesos e a construción dun local anexo ao inmovible destinado a almacén e cuarto de instalacións. Ademais, tamén se pretende optimizar o sistema térmico para ofrecer un servizo axeitado ás persoas usuarias deste equipamento.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude apoia esta iniciativa polo seu interese social e pola cohesión territorial que supón no municipio, de maneira que se pon a disposición da veciñanza unha infraestrutura de calidade para as actividades vencelladas ao eido musical sen necesidade de que dependan doutros concellos urbanos limítrofes maiores, reforzando así a súa propia prestación de servizos públicos.

Todo isto vai en consonancia co Plan de infraestruturas culturais, que incide no acondicionamento dos espazos axeitados para accións de dinamización neste eido en toda a Comunidade e coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que pon o foco en eliminar todo tipo de barreiras no acceso á actividade cultural.

#### **Un equipamento máis eficiente**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O inmovible que alberga a Escola de Música de Portas está dividido en dúas partes, unha zona anterior dedicadas ás distintas actividades da entidade e outra posterior que se usa habitualmente para ensaios.

Con esta actuación pecharase a zona do porche para un mellor aproveitamento desta área, intervírase no illamento térmico do edificio e procederase a cambiar a estrutura da cuberta. Tamén se dotarán as instalacións con mobiliario, equipos informáticos e de imaxe e son.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA E O INORDE COLABORAN PARA CREAR UN PROGRAMA DE IDENTIFICACIÓN, RESTAURACIÓN E PROMOCIÓN DA XESTIÓN ACTIVA DE FRONDOSAS AUTÓCTONAS**

- A través desta iniciativa, que conta cun orzamento de máis de 181.000 euros e estará vixente ata 2027, continúaase favorecendo a participación do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, con fincapé na promoción de agrupacións de xestión conxunta e na loita contra as doenzas do castiñeiro
- A colaboración inclúe tamén a organización dun foro público participativo de experiencias e novidades relacionadas coa recuperación dos soutos tradicionais e novas plantacións de carácter produtivo, ecolóxico ou recreativo e cos procesos produtivos, entre outros

A Xunta de Galicia asinará un convenio co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) para poñer en marcha un Programa específico de identificación, vixilancia e promoción da xestión activa dos soutos tradicionais de castiñeiros e das masas de frondosas autóctonas. Así o recolle o proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta.

A través deste programa, que favorecerá a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, farase especial fincapé na promoción de agrupacións de xestión conxunta na loita contra as doenzas do castiñeiro e as frondosas autóctonas. O convenio estará vixente ata o 2027 e contará cun orzamento superior aos 181.000 euros. Esta colaboración, que amplía a que se tiña co Inorde ata este momento, está organizada en tres actuacións principais co fin de acadar os obxectivos propostos.

En primeiro lugar, traballarase a prol da vixilancia e loita contra as doenzas do castiñeiro e das masas de frondosas autóctonas de especial interese, xa que a vitalidade dos soutos e a súa capacidade produtiva requiren dun bo estado fitosanitario. Neste contexto, unha das doenzas máis preocupantes nos soutos é o cancro polo que, no marco desta actuación, crearase un mapa de distribución das cepas hipovirulentas do cancro do castiñeiro nas zonas produtoras de castaña, co fin de axustar a eficacia dos tratamentos experimentais con este tipo de cepas. Para facelo, o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós recollerá mostras dos cancros activos en concellos de Lugo e Ourense.

Por outra banda, impulsarase a xestión conxunta dos soutos e masas de frondosas baixo o obxectivo de crear novas agrupacións forestais de xestión conxunta (con ou sen base territorial), facilitando información e asesoramento ao persoal interesado e, de ser o caso, axudando a completar a información e compromisos necesarios para a súa inclusión no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta. Tamén no marco deste convenio, naquelas agrupacións que xa foron constituídas na provincia de Ourense, fomentaranse as actuacións formuladas ao abeiro do Plan piloto de fomento da xestión conxunta de soutos asinado en 2023, como son o apoio aos traballos de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

restauración dos soutos impulsados pola Consellería e a redacción dos seus instrumentos de ordenación ou xestión forestal.

Por último, o convenio de colaboración co Inorde inclúe, nos tres anos de vixencia do convenio, a organización dun foro público participativo de experiencias e novidades relacionadas coa recuperación dos soutos tradicionais e novas plantacións de carácter produtivo, ecolóxico ou recreativo e cos procesos produtivos, entre outros. O obxectivo é fomentar a participación colectiva e o intercambio de información, así como establecer canles de comunicación entre os axentes que interveñen na cadea de valor do castiñeiro. A través deste convenio refórzase a colaboración nesta materia iniciada co Inorde no 2023, que tiña como fin a identificación, restauración e promoción das frondosas en xeral e do castiñeiro en particular a través do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Ríós.

### **Outras medidas de impulso ao castiñeiro**

A Consellería do Medio Rural ten impulsado un amplo abano de iniciativas para fomentar e apoiar ao sector do castiñeiro, unha árbore de enorme valor económico, ambiental e cultural para Galicia, especialmente nas provincias de Ourense e Lugo. Neste contexto, púxose en marcha o programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña, aprobado en 2022 como medida prioritaria do Plan forestal de Galicia 2021-2040, e que constitúe unha folla de ruta da Xunta para a recuperación dos soutos tradicionais e a dinamización dun recurso clave tanto para a economía rural como para a biodiversidade.

Este plan recolle 36 actuacións agrupadas en cinco eixos: planificación, investigación, apoio ao sector viveirista, comercialización e mellora da competitividade empresarial. O programa recolle medidas como un plan piloto de xestión conxunta de soutos, que xa está en marcha en diversos soutos de referencia de Lugo e Ourense; axudas específicas para o fomento do castiñeiro, nas cales se investiron 2,3 millóns de euros nos últimos anos; actuacións en montes de xestión pública e o fomento das agrupacións forestais de xestións conxunta.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA LICITA POR 1,4 M€ AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DOS DEPARTAMENTOS PARA OS MARIÑEIROS DO PORTO DE COMBARRO, EN POIO**

- Os traballos, cofinanciados polo Fondo Fempa da Unión Europea, consistirán na renovación de paredes e cubertas dos tres edificios que acollen unha trintena de locais para uso dos profesionais e a dotación de aseos
- Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles desde hoxe na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, iniciou hoxe o procedemento de licitación pública das obras de acondicionamento dos edificios de departamentos para os mariñeiros no porto de Combarro, no municipio pontevedrés de Poio. A conselleira do Mar, Marta Villaverde, deu traslado ao Consello da Xunta do inicio da licitación cun orzamento base de 1,4 millóns de euros, IVE incluído.

Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles para os interesados na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia, [www.portosdegalicia.gal](http://www.portosdegalicia.gal). Os licitadores terán de prazo 26 días naturais para presentar as súas ofertas.

As obras previstas consisten na renovación da envolvente dos tres edificios que albergan en total 28 departamentos. Así mesmo dotaranse os edificios de aseos e conexión á rede de saneamento. En concreto, rehabilitarase a estrutura de formigón e posteriormente aplicarase un revestimento de Protección. Instalarase unha nova cuberta formada por panel sandwich e renovarase a carpintería que se realizará en aluminio. Finalmente dotarase cada departamento dun aseo e conectaranse os tres edificios e a oficina portuaria á rede de saneamento. Para isto, é precisa a creación dunha rede de abastecemento en tubaxe e dun pozo de bombeo para conectar coa rede principal por impulsión.

O prazo de execución dos traballos, unha vez iniciada a obra, será de 9 meses e con esta actuación Portos de Galicia mellorará as condicións de traballo dos profesionais que operan no peirao de Combarro, ademais de dar resposta a unha das principais demandas da confraría de pescadores de Raxó.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONTRIBÚE A COMPLETAR A FORMACIÓN DE TITULADOS EN INVESTIGACIÓN MARIÑA MEDIANTE DÚAS BOLSAS DE PRÁCTICAS NOS CENTROS DO CIMA

- Esta iniciativa contribuirá a preparar aos beneficiarios de cara á súa incorporación ao mercado laboral, así como a avanzar nas liñas de investigación que teñen en marcha os dous centros, dependentes de Mar, situados en Vilanova de Arousa e en Ribadeo
- Trátase dunha nova convocatoria de bolsas deste tipo, unha acción formativa que na edición anterior permitiu formar tamén a outros dous profesionais no cultivo de fitoplancton e moluscos bivalvos, así como na dinámica de poboacións dos recursos mariños
- Pretende mellorar a capacitación dos futuros profesionais da I+D+i dun sector estratéxico para Galicia e contribuír a reter este talento na comunidade
- Pon en valor o compromiso do Goberno galego coa profesionalización do sector, a través da formación, cifrado nos orzamentos de 2025 en 12,3 M€

O Consello da Xunta deu conta do compromiso de gasto para a convocatoria de dúas bolsas de formación dirixidas a persoas con licenciatura universitaria ou título de grao en Ciencias do Mar ou Bioloxía. Estas bolsas de especialización permitirán que poidan completar os coñecementos teóricos adquiridos ao longo dos seus estudos cunha formación práctica en investigación mariña durante dous anos no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Corón, en Vilanova de Arousa, e a elas a Consellería do Mar destina 6.520 euros.

Trátase dunha nova convocatoria deste tipo de bolsas, incluída no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, que ten como fin avanzar en ámbitos estratéxicos para a investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i) na comunidade, ao tempo que se atrae e mantén o talento innovador. Unha delas é para reforzar a especialización en materia de cultivo de fitoplancton e moluscos bivalvos, mentres que a outra é para coñecemento práctico sobre a dinámica de poboacións dos recursos mariños.

A asignación mensual bruta de cada unha é 1.200 euros, ademais da alta no réxime xeral da Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día que se publique a orde da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* este mes de setembro. Nela, as persoas interesadas poderán consultar as bases e requisitos para a presentación de solicitudes. Ademais, toda a información poderá consultarse na páxina web da Consellería do Mar.

Esta iniciativa, que vincula a relevancia da investigación científica e da formación en ciencias mariñas, aporta a oportunidade de participar en experiencias e programas específicos de I+D+i e permite aproveitar a formación adquirida para a futura realización de teses de doutoramento. Finalmente, facilita a preparación práctica cualificada, que é de probada utilidade para a súa inserción posterior na vida laboral.

Permitirá avanzar na investigación relacionada cos recursos mariños en distintos eidos e contribuirá a impulsar a economía nas zonas costeiras ao mellorar a actividade

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vencellada coa produción acuícola e marisqueira, o que favorece tamén unha mellora dos ingresos dos profesionais do mar.

### **A Xunta coa formación e a investigación pesqueira**

Esta acción demostra o compromiso do Goberno galego coa profesionalización do sector pesqueiro, a través da formación, cifrado nos orzamentos de 2025 en 12,3 M€, ao tempo que pon en valor a funcionalidade do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Consellería do Mar.

Este organismo público de investigación non universitaria, conta cunha ampla experiencia en completar a formación de persoal auxiliar en investigación mariña procedente da formación profesional. A súa función básica é o desenvolvemento de investigacións que permitan unha xestión racional e eficiente dos recursos mariños de Galicia, así como asesorar á Administración galega nas cuestións da súa competencia que demandan os diferentes sectores produtivos. Busca mellorar a produción en distintos eidos mariños impulsando o conxunto do sector marítimo-pesqueiro e o resto de actividades vencelladas directamente con el.

Adoita acoller titulados para completar a formación de persoal auxiliar en investigación mariña. Ata o momento foron beneficiarias destas bolsas un total de 48 persoas, cunha ampla presenza de mulleres. Como exemplo, na convocatoria de 2018 as mulleres representaron o 87,5 % do total. Despois da súa estancia formativa, algunhas destas persoas alcanzaron contratos como laborais temporais con cargo ás accións de investigación que se desenvolveron no CIMA.

A maiores, recibe alumnos dos ciclos formativos, medio e superior, para a realización das prácticas no centro de traballo (FCT), a través da colaboración coa Universidade de A Coruña.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INCENTIVA A PROFESIONALIZACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO A TRAVÉS DO CENTRO SUPERIOR DE HOSTALERÍA DE GALICIA QUE MEDRA CASE O 20 % EN ALUMNADO ESTE CURSO**

- O Consello da Xunta foi informado da oferta formativa do CSHG dirixida a formar potenciais directivos e a actualizar os profesionais do sector turístico galego
- Un total de 81 alumnos beneficianse este curso das bolsas de estudos que chegan a cubrir o 80 % da matrícula
- Este curso sairá ao mercado a primeira promoción do grao en Xestión de Empresas Hostaleiras

O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre a actividade formativa e a matriculación no curso académico 2025-2026 no Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG), dependente de Turismo de Galicia e adscrito á Universidade de Santiago de Compostela desde o ano 2021. Este ano académico, un total de 290 alumnos cursarán as ensinanzas de Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras e o Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería, rexistrando un incremento do 19 % con respecto ao curso anterior. Continúa así un ritmo de crecemento na matriculación iniciado no ano 2024 que indica que nos dous últimos cursos o incremento nos alumnos matriculados foi do 63 %.

Isto responde fundamentalmente á decidida aposta por parte de Turismo de Galicia de incrementar e mellorar a profesionalización do sector, e tamén a unha estratexia do propio centro para a captación de alumnos para o CSHG. Precisamente, este curso 2025/26 sairá ao mercado a primeira promoción do grao de Xestión de Empresas Hostaleiras.

Así, entre as medidas adoptadas está a conxelación nos prezos de matrícula que por segundo ano consecutivo se mantiveron sen acusar o incremento do índice de prezos ao consumo (IPC). Este importe cubre os servizos de almorzo e xantar de luns a venres, seguro médico e roupa e material de prácticas. Tampouco variaron os prezos de aloxamento individual (5.523,36 €) nin en cuarto compartido (3.138,28 €).

#### **Bolsas de estudos**

Ademais, este curso incrementáronse as bolsas de estudos concedidas por segundo ano consecutivo. De 65 bolsas o curso pasado este ano serán 81 bolsas, un incremento do 25 %. Estas bolsas poden chegar a cubrir o 80 % do custe da matrícula. Por estudos, 41 bolsas son para o Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras e 18 para o Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería. En total, beneficiaranse das axudas para o curso 2025/26, 81 alumnos dos catro cursos do Grao e do Curso Superior de chef, o 28 % do total dos matriculados. Destas, 42 foron novas axudas e o resto, 39, foron renovacións.

Tamén se benefician destas axudas sete galegos residentes no estranxeiro: una alumna de Portugal renova a bolsa de estudos no grao e as novas adxudicación son para estudantes que proceden de Alemaña para o grao de Xestión e Empresas Hostaleiras e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

outros cinco que veñen de Holanda, México, Venezuela, Reino Unido e Porto Rico, para o Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería.

Este curso 2025/26 cubriuse a totalidade da oferta formativa no grao en Xestión de empresas hostaleiras, pechando a matrícula xa no primeiro chamamento realizado pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG). A media de acceso ao CSHG subiu con respecto ao curso 2024/25. Tamén se cubriron todas as prazas no Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería.

O CSHG fixo durante o pasado curso unha ampliación e mellora das súa estratexia de promoción, chegando a máis de 10.000 potenciais candidatos a estudar no CSHG, un 20 % máis que o curso anterior. Ademais, contactouse cos departamentos de orientación dos centros de secundaria de Galicia e tamén se promoveu a oferta no norte de Portugal, Asturias e Castela e León. En total, desenvolvéronse 120 accións informativas para centros educativos, das que 60 foron charlas en colexios e institutos, 50 foron acción en feiras de educación, e sete visitas de centros ás instalacións do CSHG. Fóra de Galicia, fixéronse 20 accións promocionais.

Do mesmo xeito, diversificouse a oferta formativa. Concretamente, o Curso Superior de Chef en Cociña e Pastelería está dirixido a persoal de cociña con experiencia mínima de 6 meses ou titulados en cociña de ciclos medios ou superiores de Formación Profesional. Este curso de especialización ofrece prácticas aos alumnos de 3 meses en restaurantes e hoteis en Galicia.

Finalmente, tamén se realizou un intenso traballo para sumar novas empresas á rede internacional de prácticas para o alumnado do CSHG, xa que todos os anos o alumnado fórmase entre 10 semanas e 20 semanas en destinos nacionais e internacionais. Implantáronse melloras nos servizos do CSHG facer as mellores prácticas nas aulas dos restaurantes á carta e buffet e tamén está en marcha o proxecto do Centro Experimental Gastronómico que pretende reforzar o papel formativo do CSHG.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A INICIATIVA DA XUNTA 'VAN POLO CLIMA' CONCIENCIÓU SOBRE OS RETOS DO QUECEMENTO GLOBAL A CASE 8.400 MOZAS E MOZOS PARTICIPANTES EN CAMPAMENTOS E FESTIVAIS DE MÚSICA

- Con este novo espazo itinerante, integrado por unha furgoneta rotulada con zona anexa de lecer, xogos e *photocall*, búscase implicar á mocidade na loita contra o cambio climático a través de información, propostas lúdicas e material promocional
- No marco da súa primeira edición, a *Van polo clima* desprazouse a 12 campamentos de verán e catro campos de voluntariado para mozos maiores de idade ademais de estar presente en cinco dos principais eventos musicais estivais da Comunidade
- A maioría dos participantes procedían de Galicia, Castela e León, Asturias e Madrid aínda que tamén había rapazada de países europeos, asiáticos e suramericanos
- En vista do éxito da iniciativa, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático levará tamén a *Van polo clima* aos centros educativos do programa divulgativo *Inspiradores polo clima*, ademais de garantir unha segunda edición estival en 2026
- Trátase dunha das iniciativas novidasas incluídas no programa Mocidade polo Clima da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, posto en marcha a finais do ano pasado e no que xa participaron máis de 23.700 persoas de entre 3 e 35 anos

A iniciativa divulgativa *Van polo clima*, de carácter itinerante e impulsada pola Xunta no marco do seu programa Mocidade polo clima para sensibilizar e formar a mozas e mozos de ata 35 anos sobre o quecemento global e os seus grandes retos, conseguiu chegar este verán a preto de 8.400 persoas de entre 9 e 35 anos, que participaron de forma directa nalgunha das accións propostas polos técnicos a cargo da actividade.

Segundo o informe presentado hoxe no Consello para facer balance da primeira edición da *Van polo clima*, superáronse as expectativas iniciais (que apuntaban a 5.000 beneficiarios) e durante os dous meses e medio que estivo percorrendo Galicia logrou captar a atención dun gran número das mozas e mozos asistentes aos eventos nos que estivo presente. Para logralo, a iniciativa empregou como reclamo principal unha furgoneta rotulada, con zona anexa de lecer, xogos e *photocall*, coa cal se instalou nalgúns dos principais festivais musicais celebrados na comunidade entre xuño e agosto.

En concreto, a *Van polo clima* levou a súa proposta divulgativa ao Son do Camiño, en Santiago, primeira parada do verán; ao Portamérica, en Caldas de Reis, ao Atlántic Fest, en Vilagarcía, e ao Morriña Fest, na cidade da Coruña, principais citas musicais do mes de xullo en Galicia; e finalmente rematou o seu percorrido estival no Festival da Luz de Boimorto, a última fin de semana de agosto. En total, 6.820 persoas achegáronse ata a furgoneta da Xunta para participar nalgunha das actividades propostas.

Ademais, grazas ao convenio de colaboración asinado entre as Consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático e de Cultura, Lingua e Xuventude, a furgoneta desprazouse tamén a 12 campamentos de verán para nenas e nenos e a catro campos de voluntariado dirixidos, neste caso, a maiores de idade, enmarcados todos eles na

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

campaña Acción de Verán da Xunta. Un total de 1.197 rapaces de entre 9 e 30 anos coñeceron de primeira man a *Van polo clima* mentres gozaban duns días de tempo de lecer, ademais dos case 300 monitores ao cargo destes campamentos.

O novo espazo itinerante *Van polo clima* puxo este verán á disposición da mocidade información actualizada e relevante sobre o clima e o quecemento global, actividades de carácter lúdico e distendido e material promocional, á vez que os técnicos de dinamización se esforzaron por propoñer conversas enriquecedoras e participativas sobre temas como o clima, a enerxía, os residuos ou a contaminación, entre outros.

Neste sentido, as rapazas e rapaces tiveron a oportunidade de xogar á *Ruleta do clima*, un concurso de preguntas e respostas de temática climática, e gañar agasallos tras demostrar os seus coñecementos ou participar nunha xincana de xogos. Así mesmo, a iniciativa serviu tamén para darlle visibilidade ao concepto de moza e mozo polo clima para que os asistentes puideran identificarse con el e axudou a promocionar a primeira edición dos premios *Moza/o polo clima*, que busca recompensar o talento xuvenil dándolle visibilidade a algunhas das súas iniciativas, proxectos e ideas sobre este tema.

Aínda que a *Van polo clima* chegou sobre todo a mozas e mozos galegos, o perfil dos participantes nos campos de voluntariado e sobre todo, o tirón a nivel nacional e mesmo internacional dalgúns dos festivais aos que se desprazou a furgoneta explican que tamén pasara por ela rapazada procedente de Castela e León, Asturias e Madrid e mesmo de países europeos, asiáticos e suramericanos.

En vista do éxito deste verán, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático decidiu desestacionalizar a iniciativa e levará tamén a furgoneta aos centros que participen durante o presente curso escolar no programa *Inspiradores polo clima*, ademais de garantir unha segunda edición en festivais e campamentos en 2026.

### **Case 14.000 participantes en Mocidade polo Clima**

Mocidade polo Clima naceu a finais do ano pasado como un programa transversal para formar, informar e mobilizar fronte ao cambio climático a mozos e mozas de entre 3 e 35 anos a través de diversas liñas de acción e iniciativas novidasas, como a *Van polo clima*, que buscan fomentar o seu talento, capacidade de innovación e solidariedade.

Na práctica, o programa divídese en tres eixos de actuación complementarios: formación desde a etapa de educación infantil á universitaria; información e divulgación canalizada vía visitas e eventos con relatores de referencia na materia; e acción polo clima, a través do fomento da participación activa e do compromiso da mocidade.

En concreto, as accións formativas durante o curso 2024/25 canalizáronse grazas a dous programas do Plan Proxecta da Xunta: meteoescolas e escolas verdes polo clima. No primeiro caso, rexistrouse un récord de participación xa que nas 42 meteoescolas seleccionadas aprenderon sobre meteoroloxía máis de 10.300 alumnos e 715 docentes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao segundo programa, iniciou a súa andadura en 2019 e por el teñen pasado xa 62 escolas “polo clima”. No pasado curso, en concreto, participaron 7 centros educativos galegos, 1.131 alumnos e alumnas e unha ducia de docentes, sendo a principal novidade a aposta por un maior apoio e titorización aos colexios implicados.

Así mesmo, de forma complementaria, 77 centros e 2.219 alumnas e alumnos participaron tamén ata maio no programa de visitas educativas á sede central de MeteoGalicia e ás estacións de calidade do aire.

No eixo da divulgación, enmárcanse tamén os primeiros obradoiros *Inspiradores polo clima*, dirixidos a alumnado de Secundaria para achegarlles proxectos de innovación a través de perfís profesionais que están a traballar en solucións para acadar a neutralidade climática. No curso 2024/25, os talleres a cargo de poñentes de distintas empresas chegaron a máis de 450 alumnos de 1º a 4º da ESO e de educación especial.

Ademais, tendo en conta que a *Van polo clima* —que busca mobilizar á mocidade pola vía da información e da acción— permitiu chegar este verán de forma directa a case 8.400 mozos e mozas, o balance provisional de participantes nas actividades desenvolvidas baixo o paraugas de Mocidade polo Clima supera xa o obxectivo inicialmente marcado. Así, fronte aos 15.000 rapaces aos que se prevía concienciar durante o primeiro ano de funcionamento do programa, a realidade é que máis de 23.700 persoas xa participaron desde novembro de 2024 nalgunha das actividades, charlas e visitas organizadas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA RESOLVE FAVORABLEMENTE MÁIS DE 56.000 EXPEDIENTES DE DEPENDENCIA E DISCAPACIDADE NO QUE VAI DE ANO, UN 99% MAIS QUE NO MESMO PERÍODO DE 2024**

- En xullo e agosto rexistráronse 12.000 novas altas no sistema, isto supón o dobre de persoas atendidas con respecto ao verán anterior
- O importe destinado á atención directa das novas altas foi de 70 millóns de euros, fronte aos 18 que se empregaron no exercicio pasado

O Consello da Xunta de hoxe deu conta dun novo informe de seguimento do Plan de axilización e simplificación dos trámites da dependencia e discapacidade, o terceiro desde a súa implantación o pasado 1 de xaneiro, e que ten como obxectivo recoñecer os dereitos das persoas no menor tempo posible e prestarlles unha atención efectiva. O informe sinala que nos oito primeiros meses deste ano se resolveron de maneira favorable un total de 56.174 expedientes, un 99% máis que no mesmo período do ano pasado.

En concreto, en dependencia hai 18.070 novas persoas atendidas e en discapacidade emitíronse 38.104 resolucións favorables. Así mesmo, especialmente positivos son os datos de xullo e agosto, con preto de 12.000 novas altas, o dobre con respecto ao verán de 2024.

Ademais, o informe cuantifica o importe destinado á atención directa das novas altas rexistradas entre os meses de xaneiro e agosto, que foi de 70 millóns de euros fronte aos 18 que se empregaron no mesmo período do exercicio pasado.

Estes bos resultados levan á Xunta a seguir avanzando no desenvolvemento deste Plan, así como a esixir ao Goberno central que cumpra coa Lei de Dependencia e achegue o 50% do custo dos servizos e prestacións. Un financiamento que non soamente está lonxe de cubrir, senón que está a diminuír, xa que a achega do Executivo de Pedro Sánchez pasou do 40% no 2023 ao 34% o ano pasado.

#### **Menos burocracia e máis persoal**

A posta en marcha do plan da Xunta para mellorar o acceso aos servizos e prestación da dependencia e da discapacidade, supuxo a adopción de toda unha serie de medidas. Entre outras destacan: a redución da burocracia para que con un só documento, o da solicitude, sexa suficiente para iniciar o procedemento; a valoración automática das persoas con grao III de dependencia cando este se deduza dos seus expedientes e informes de saúde; a posibilidade de que as valoracións se fagan directamente nas residencias a cargo de persoal sanitario ou a colaboración co Servizo Galego de Saúde (Sergas), que permite aos servizos de dependencia solicitar de oficio os informes de saúde necesarios para realizar as valoracións.

Ademais destas medidas, reforzouse o persoal e os equipos de valoración, coa creación de tres novas unidades nas comarcas do Barbanza, na do Eume e na de Bergantiños; e coa incorporación de técnicos ao servizo de emerxencias sociais. Así mesmo, ampliouse o sistema de citación automatizada a través de mensaxe no móbil a concellos que

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

superan os 10.000 habitantes e continuouse coa formación continua do persoal, tanto do adscrito aos servizos de dependencia e de discapacidade, como do persoal sanitario das residencias públicas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### OS CONCELLOS GALEGOS INCREMENTAN O SEU REMANENTE DE TESOURERÍA NUN 21 %, ATA OS 912 M€

- Os concellos e deputacións provinciais deben manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario e cumprir o obxectivo da regra de gasto
- O 35% dos concellos galegos teñen que presentar un Plan económico financeiro para acadar estes obxectivos
- A débeda dos concellos galegos incrementouse lixeiramente o ano pasado, pero segue a estar moi por baixo da media nacional

Os concellos galegos incrementaron o ano pasado o seu remanente de tesourería nun 21 %, ata o 912 millóns de euros, así se desprende do informe avaliado hoxe no Consello da Xunta, elaborado pola Consellería de Facenda e Administración Pública, que destaca que as entidades locais galegas, concellos e Deputacións provinciais, presentan unha situación financeira saneada segundo os últimos datos de 2024.

Máis polo miúdo, o documento precisa que o importe do remanente representa tres veces o importe da débeda, sendo os seis concellos de maior poboación os que suman o 52 % do remanente total, fronte ao 5 % dos 82 de menos de 1.500 habitantes. E destaca tamén que as deputacións acadan un remanente de 879 millóns de euros.

Cómpre salientar que tras a reimplantación das regras fiscais, as entidades locais teñen que manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario e cumprir o obxectivo da regra de gasto. As que non o fagan están na obriga de elaborar un plan económico financeiro que permita, no ano en curso e no seguinte, que cumpran eses obxectivos. Un 35 % dos concellos galegos teñen que presentar este plan e o 65 % restante acada estes obxectivos.

O informe elaborouse cos datos dos concellos e deputacións que cumpriron coa obriga de remisión de información ata setembro deste ano 2025. As catro deputacións e 286 concellos enviaron os datos solicitados.

#### **Débeda e aforro neto**

O importe total da débeda dos concellos galegos, ascende a 296 millóns de euros e supón o 11,2 % dos ingresos correntes dos concellos, practicamente ao mesmo nivel que no 2023 (10,9 %). No caso das deputacións a débeda situouse nos 29 millóns de euros, un 3,4 % dos ingresos correntes, dous puntos por riba do ano anterior. Estes ratios de débeda sitúanse moi por debaixo da media nacional, que é do 27,2 % no caso dos concellos e do 5,9 % no das deputacións.

En termos de débeda per capita, o nivel dos concellos galegos sitúase tamén por debaixo da media nacional 110 euros por habitante en Galicia fronte a 264 no caso da media española.

No que se refire ao aforro neto, que é a capacidade de financiar o gasto corrente e a débeda usando só os ingresos correntes das entidades, arroxa un saldo positivo. Ascende a 297 M€, un 11,3 % do total dos seus ingresos correntes. Deste xeito, o aforro

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

neto dos concellos aumentou nun 49% con respecto ao exercicio anterior. Os concellos de máis de 50.000 habitantes son os que concentran o maior aforro neto positivo.

O informe analiza tamén outros indicadores, como o superávit das entidades locais. No exercicio 2024 os concellos galegos presentaron, de forma conxunta, superávit por importe de 179 millóns de euros (6 % dos ingresos non financeiros). As deputacións provinciais tamén presentan unha capacidade de financiamento de 65 M€ (o 7,5 % dos ingresos non financeiros). Os concellos de maior poboación e os de menor poboación son os que rexistran un maior superávit.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PUBLICA MAÑÁ A ORDE QUE FACILITA A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS GRAVADOS POR TAXAS ÁS PERSOAS E EMPRESAS AFECTADAS POLOS INCENDIOS**

- A norma recolle unha ampliación do prazo de pagamento das taxas ata o 5 de xaneiro de 2026 para as persoas afectadas polos incendios, tendo en conta que para esa data xa se terán aprobadas as exencións das taxas mediante a lei de medidas, polo que o cargo do importe da taxa domiciliada non se realizará
- O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre as medidas de alivio fiscal adoptadas como consecuencia dos incendios que afectaron a Galicia durante o pasado verán
- Galicia instou, tamén, por carta ao Goberno central a adoptar medidas para a recuperación das zonas afectadas, entre as que destacan medidas fiscais para aliviar a carga tributaria sobre a poboación e o tecido económico

A Xunta publicará mañá a orde que facilita a tramitación dos procedementos que conlevan o pagamento dunha taxa da Comunidade Autónoma con carácter previo á realización da actividade administrativa. Esta medida vai ligada ao establecemento da exención das taxas que se aprobará na lei de medidas que o Consello da Xunta aprobará proximamente.

A orde adóptase para evitar que os afectados polos incendios teñan que adiantar o pagamento das taxas no momento da solicitude da prestación do servizo e que posteriormente, teñan que solicitar a devolución dos importes ingresados. Deste xeito, alívanse os custos fiscais derivados das actuacións dos particulares como consecuencia dos incendios acaecidos este verán en Galicia.

Así, a orde establece a ampliación do prazo de pagamento das taxas ata o 5 de xaneiro de 2026, aplicable ás taxas devindicadas polos supostos de feito que se realicen como consecuencia dos incendios nos casos en que o pagamento sexa previo á entrega do ben, á realización da actividade ou á prestación do servizo da administración gravado pola taxa. Con este trámite, os afectados poderán recibir a prestación do servizo sen realizar o pagamento.

Máis polo miúdo, poderán ampliar o prazo de ingreso as persoas que teñan o seu domicilio fiscal nos concellos afectados polos referidos incendios, así como aquelas que tiveran instalacións ou negocios radicados neles.

As persoas interesadas deberán presentar a autoliquidación mediante un modelo especial, indicando que están afectados polos incendios e domiciliando o pago do importe correspondente. Este modelo especial vai estar dispoñible na Oficina Virtual Tributaria (OVT) da Atriga para a súa descarga.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre as medidas fiscais adoptadas como consecuencia dos lumes que asolaron Galicia durante o pasado verán. Trátase, por unha banda, de medidas destinadas a facilitar o cumprimento das obrigas tributarias,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ampliando os prazos para a presentación de declaracións, autoliquidacións e documentación complementaria e o ingreso da débeda tributaria dos impostos aplicados pola Atriga ata o 30 de setembro.

Doutra banda, recóllense tamén as medidas que se aprobarán na lei de medidas para aliviar as obrigas fiscais das persoas e empresas afectadas, como reducir a carga do canon da auga e do de xestión de depuradoras, derivado do consumo de auga utilizada de xeito particular para extinguir ou evitar a propagación dos incendios, ou contrarrestar a carga fiscal das taxas asociadas aos procedementos autonómicos que se realicen como consecuencia de actuacións derivadas ou provocadas polos incendios.

### **Peticións ao Goberno central**

O informe recolle tamén as peticións que a Xunta fixo ao Goberno de España para que adopte medidas dirixidas á recuperación das zonas afectadas, entre elas, unha serie de medidas fiscais para aliviar a carga tributaria sobre a poboación e o tecido económico situado nas zonas afectadas polos incendios.

Deste xeito, pídesse ao Ministerio de Facenda a compensación dos custos fiscais derivados da concesión de axudas ou da execución de actos ou contratos destinados á recuperación de bens materiais perdidos como consecuencia directa dos incendios, para evitar, deste xeito, que as persoas afectadas teñan que asumir a carga fiscal asociada ás actuacións realizadas para volver á súa vida normal.

No caso de que o Goberno central decida non ter en conta estas peticións, o informe recolle tamén medidas que a Xunta adoptaría, dentro das súas limitadas competencias lexislativas con respecto aos impostos cedidos, como reducións, deducións, bonificacións ou reducións de tipos impositivos para neutralizar esa carga fiscal.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONCEDE 294 AXUDAS Á MOCIDADE PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA EN CONCELLOS GALEGOS DE MENOS DE 10.000 HABITANTES POR IMPORTE DE 2,3 M€**

- O presidente da Xunta sinala que o obxectivo é facilitar aos mozos e mozas menores de 36 anos que queren iniciar o seu proxecto vital no rural, a través do apoio económico directo para acceder á súa primeira vivenda
- Na convocatoria deste ano tense xa favorecido a adquisición de 294 vivendas en Galicia, das que 136 están localizadas na provincia da Coruña, 51 en Pontevedra, 49 en Ourense, e 58 en Lugo.
- Estes fogares distribúense en 118 concellos, con maior incidencia nos da provincias da Coruña (48), que concentran boa parte das solicitudes presentadas, pero tamén cun peso significativo en Lugo (27), Pontevedra (23) e Ourense (20)
- Destaca que o Goberno galego prepara xa a ampliación de crédito destas axudas en ata 600.000 €, para atender á elevada demanda deste programa, que ten esgotado o orzamento da convocatoria vixente ata o 15 de outubro
- Reafirma o compromiso da Xunta co dereito á vivenda e coa dinamización do rural e a fixación da poboación, garantindo a continuidade e ampliación desta liña de apoio ao acceso á vivenda en pequenos concellos.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Goberno galego concedeu 294 axudas á mocidade para a adquisición de vivenda no rural por un importe global de 2.296.319 euros, practicamente a totalidade do crédito dispoñible na convocatoria lanzada en xaneiro deste ano por un orzamento total de 2,3 M€.

O Executivo galego avaliou hoxe o informe do balance provisional da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas das axudas outorgadas aos mozos e mozas menores de 36 anos para a adquisición da súa primeira vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes, que está a ter unha moi boa acollida entre a mocidade.

Con estas axudas, o presidente sinala que o obxectivo é “facilitar o acceso á vivenda” da mocidade que quere iniciar o seu proxecto vital no rural, ofrecendo apoio económico directo para acceder á súa primeira vivenda.

Deste xeito, Rueda salientou que a través da convocatoria deste ano tense xa favorecido a adquisición de 294 vivendas en Galicia, das que 136 están localizadas na provincia da Coruña, 51 en Pontevedra, 49 en Ourense, e 58 en Lugo.

Estes fogares distribúense en 118 concellos, con maior incidencia nos da provincia da Coruña, pero tamén cun peso significativo no resto das provincias. Así, ademais dos 48 concellos na provincia da Coruña, as achegas permitiron a adquisición de vivendas en 27 concellos de Lugo, 23 de Pontevedra e 20 de Ourense.

Segundo as solicitudes presentadas, os municipios onde máis axudas se outorgaron sitúanse en Xinzo de Limia e Chantada, con 15 e 11, respectivamente; seguidos dos de Ares e Melide, con 10 en cada un dos mesmos. A estes municipios que se viron favorecidos pola

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adquisición de vivenda por parte da mocidade galega, séguenlle Curtis (8), San Sadurniño (8), Santa Comba (6), ou xa con 5 cada un, os concellos da Cañiza, Cee, Celanova, Monterroso, Palas de Rei Salceda de Caselas e Trazo.

### **Próxima ampliación da convocatoria**

Tal e como sinalou o presidente, a elevada demanda fai necesario "aumentar a cantidade que destinamos" a estas axudas con ata 600.000 euros, que se prevé activar nas vindeiras semanas. A Xunta terá en conta os expedientes de solicitude rexistrados na vixente convocatoria, cuxo prazo de solicitude rematará o vindeiro 15 de outubro.

En relación a estas axudas a mozos e mozas para a adquisición da súa primeira vivenda, o titular do Executivo galego destacou que a contía máxima da achega pode acadar ata 10.800 € por vivenda.

Rueda destaca que a Xunta reafirma así o seu compromiso co dereito á vivenda e coa dinamización do rural e a fixación da poboación, sendo capaces de anticiparse no cumprimento dos obxectivos e garantindo a continuidade e ampliación desta liña de apoio ao acceso á primeira vivenda a mocidade galega en pequenos concellos. Así o avala o feito de que entre 2021 e 2025, a Xunta leve xa concedidas 1.321 axudas por un importe de preto de 8,4 M€.

Desde o Goberno galego, tense que lamentar o retraso que leva o Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana na elaboración do novo plan estatal, que pon en perigo a súa execución e compromete os prazos das convocatorias por parte das comunidades e poñendo así en risco a chegada de axudas.

Galicia advertiu xa en varias cartas á ministra que o retraso na aprobación do futuro plan acarrearía consecuencias para todas as CCAA. Desde a Xunta de Galicia solicítase máis compromiso e menos anuncios "millonarios".

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 500.000 € NA INTEGRACIÓN DE NOVOS DISPOSITIVOS MÉDICOS DE MONITORIZACIÓN NA HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA DOS PACIENTES**

- Na actualidade, a través de TELEA, o Servizo Galego de Saúde fai seguimento a máis de 30.000 pacientes, moitos dos cales teñen dispositivos de monitorización continua
- De xeito diario, envíanse máis de 380.000 medicións dos pacientes a seguimento
- A actividade de seguimento medra de xeito exponencial, o que fai preciso abordar desenvolvementos específicos para incluír na plataforma de teleasistencia todo dispositivo asociado aos pacientes de ámbito domiciliario
- No ano 2024 enviáronse máis de 44 millóns de variables clínicas e neste ano 2025 xa se produciu o envío de máis de 90 millóns de variables

A Xunta, a través da Consellería de Sanidade, contratará, por un importe de 500.000 euros, servizos informáticos específicos para integrar na plataforma tecnolóxica de teleasistencia domiciliaria (Telea) todos os dispositivos asociados ao seguimento de pacientes crónicos nas súas casas.

Telea é a plataforma de telemonitorización do Servizo Galego de Saúde, integrada na historia clínica electrónica, destinada ao seguimento dos pacientes no domicilio. Esta ferramenta emprega as tecnoloxías da comunicación para manter en contacto aos profesionais sanitarios e aos seus doentes, facilitando a monitorización do seu estado de saúde, sen necesidade de desprazamentos ao seu centro de saúde.

Co novo contrato, o Servizo Galego de Saúde busca incluír na plataforma de teleasistencia todos os dispositivos asociados aos pacientes de ámbito domiciliario para a medición da tensión e frecuencia de forma continua e non invasiva, os dispositivos de diálise peritoneal, os de control de hipertensión, os respiradores domiciliarios, os dispositivos multiparamétricos, os de hemodiálise domiciliaria, as bombas de infusión e os de monitorización continua de glucemia.

Este sistema de telemonitorización foi fundamental durante os últimos anos para o seguimento da pandemia da covid. O obxectivo é detectar con axilidade descompensacións nos indicadores de saúde das persoas a seguimento e, polo tanto, evitar ingresos hospitalarios.

Telea foi escollida, no ano 2021, como unha boa práctica en atención primaria pola Comisión Europea, no seo da convocatoria pública en que os países membros da Unión Europea presentaron distintas experiencias.

Tamén conta coa posibilidade de utilizar mensaxería -vía SMS-, chamada telefónica e videoconsulta, o que facilita enormemente a comunicación entre pacientes e profesionais sanitarios.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta plataforma permitiu potenciar os modelos de hospitalización a domicilio e de continuidade de coidados, concepto que se está a desenvolver mediante a implantación de dispositivos e sistemas de información orientados cara á prevención da enfermidade e promoción da saúde, constituíndo unha canle de acceso aos servizos sanitarios por parte dos pacientes e dos seus coidadores.

O contrato que levará a cabo a Consellería de Sanidade terá unha duración ata xuño de 2026 e será financiado pola Unión Europea no marco dos fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia destinados á saúde dixital personalizada.

### **30.000 pacientes a seguimento e 90 millóns de variables clínicas**

Na actualidade, a través de Telea, o Servizo Galego de Saúde está a facer seguimento a máis de 30.000 pacientes, moitos dos cales teñen dispositivos de monitorización continua o que lle permite ao departamento sanitario galego recoller información de xeito automatizado sen que o doente teña que rexistrala, asegurando a calidade do envío e que ademais este sexa de xeito continuo. Diariamente envíanse máis de 380.000 medicións dos pacientes a seguimento.

Ademais, esta actividade de seguimento está crescendo de xeito exponencial posto que, se no ano 2024 se enviaron máis de 44 millóns de variables clínicas, neste 2025 xa se produciu o envío de máis de 90 millóns.

Todo este operativo foi posible grazas á integración que o Servizo Galego de Saúde realizou destes dispositivos médicos na súa rede, permitindo que toda a información estea dispoñible na historia clínica electrónica.

Actualmente o Executivo galego ten realizada a integración dos cinco provedores de dispositivos de monitorización cardíaca que son conectables actualmente, en dous provedores de monitorización continua da glucemia, en tres de bombas de infusión así como nun provedor de equipos de hemodiálise domiciliaria, sendo Galicia pioneira neste ámbito.

O Servizo Galego de Saúde considera necesario seguir a estender este modelo a outros provedores e outros ámbitos de asistencia. Por iso, dada a heteroxeneidade de dispositivos existentes, estima oportuno abordar ferramentas tecnolóxicas específicas para poder levar a cabo este obxectivo de incluír na historia clínica todo dispositivo asociado aos doentes, que é o que se pretende con este contrato.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORARÁ NA POSTA Á DISPOSICIÓN DOS PROFESIONAIS DUNHA PLATAFORMA DE PRESCRICIÓN DE RECEITA ELECTRÓNICA PRIVADA QUE MELLORE A SEGURIDADE E A PRIVACIDADE**

- A plataforma permitirá asegurar o seguimento e o control dos medicamentos dispensados baixo receita privada
- Outra das vantaxes é a axilización de procesos administrativos e a redución do uso do papel
- A Consellería de Sanidade colaborará cos colexios oficiais para a posta á disposición da plataforma, achegando máis de 23.000 euros
- Galicia foi pioneira en España na implantación do sistema de receita electrónica no ámbito público mediante a E-receita no ano 2008

A Xunta, a través da Consellería de Sanidade, asinará convenios de colaboración co Consello de Colexios Médicos de Galicia, os colexios oficiais de odontólogos e estomatólogos, o Colexio Oficial de Podólogos e os catro colexios oficiais de farmacéuticos para a posta á disposición dos profesionais dunha plataforma homologada de receita privada electrónica destinada a mellorar a seguridade e a privacidade dos datos dos pacientes mediante o uso de tecnoloxía dixital.

Tal e como se recolle nun informe da Consellería de Sanidade que hoxe abordou o Consello da Xunta, a través da sinatura de tres convenios de colaboración cos distintos colexios, o Executivo galego destinará 23.232 euros para a posta en marcha desta plataforma.

A protección do paciente, a necesidade de unificar a receita médica privada electrónica e evitar o fraude de medicamentos e produtos sanitarios son os motivos que xustifican a necesidade de formalizar un instrumento de colaboración entre a Consellería de Sanidade e os colexios oficiais, favorecendo que o departamento sanitario galego desenvolva accións de control, tanto sobre a prescripción dos profesionais da medicina, da odontoloxía e da podoloxía, como sobre a dispensación a través das oficinas de farmacia.

En consecuencia, a posta á disposición dunha plataforma de prescripción homologada onde conflúan todos os axentes implicados posibilitará a debida transmisión de información entre profesionais sanitarios, ademais de servir de garantía aos pacientes no que se refire ao cumprimento terapéutico e á obtención da máxima eficiencia do tratamento.

Ademais de facilitar a prescripción electrónica privada por parte dos profesionais sanitarios autorizados e mellorar a interoperabilidade entre os colectivos sanitarios e as oficinas de farmacia, a plataforma asegurará o seguimento e control dos medicamentos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e produtos sanitarios dispensados baixo receita privada, axilizará os procesos administrativos e reducirá o uso do papel.

A plataforma empregará un software que conta coa correspondente homologación do Consello Xeral de Colexios Médicos de España, comprometéndose a Consellería de Sanidade a colaborar no financiamento da posta á disposición da plataforma aos prescriptores.

### **Galicia pioneira na receita electrónica no ámbito público**

Galicia foi pioneira en España na implantación do sistema de receita electrónica no ámbito público mediante a E-receita, en 2008); tamén foi das primeiras comunidades en incorporarse ao proxecto de interoperabilidade do Sistema Nacional de Saúde, en marzo de 2017; e ao proxecto de interoperabilidade europeo en 2023 e onde actualmente están integrados os países de Chequia, Croacia, Estonia, Finlandia, Grecia, Letonia, Lituania, Polonia e Portugal.

O sistema interoperable permite á cidadanía moverse por todo o territorio nacional e obter os seus medicamentos en calquera oficina de farmacia, independentemente da comunidade onde fosen prescritos.

En agosto de 2025, desde as farmacias de Galicia dispensáronse 265.220 medicamentos a 84.729 cidadáns doutras comunidades autónomas, o que representa o 8 % das dispensas entre comunidades que se produciron nese mes en toda España. Ademais o 0,4 % dos cidadáns galegos recolleron máis de 14.000 medicamentos no resto da xeografía española durante este mes de verán.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INICIARÁ EN OUTUBRO O PROGRAMA PILOTO DE VACINACIÓN FRONTE Á GRIPE POR VÍA INTRANASAL NOS COLEXIOS QUE CHEGARÁ A 19.000 NENOS DE 3 A 11 ANOS**

- Este programa pioneiro porase en marcha de forma progresiva a partir do 13 de outubro
- Rueda explica que se vacinará nos 55 colexios seleccionados e de forma voluntaria aos alumnos de 4º, 5º e 6º de educación infantil e os de todos os cursos de educación primaria
- Salienta que o obxectivo é “acadar unha cobertura do 70% dos nenos nados entre 2014 e 2022” nos centros seleccionados
- Equipos de enfermería de cada área sanitaria desprazaranse aos centros participantes para a administración da vacina intranasal nas propias instalacións
- En función das coberturas de inmunización acadadas, a Xunta avaliará a extensión do proxecto piloto ao resto de centros escolares en futuras campañas de vacinación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a partir do vindeiro 13 de outubro arrancará “un programa piloto de vacinación fronte á gripe por vía intranasal en centros educativos” que busca chegar “a 19.000 nenos de entre 3 e 11 anos de 55 colexios galegos”. Trátase dunha iniciativa conxunta das consellerías de Sanidade e Educación, Ciencia, Universidade e FP que ten o obxectivo de seguir consolidando “a posición dianteira que ten Galicia” en materia de prevención ao contar “co calendario de vacinación máis completo do mundo”.

Tal e como explicou o titular do Goberno galego, nos colexios seleccionados e de forma voluntaria aos alumnos de 4º, 5º e 6º de educación infantil e de todos os cursos de educación primaria. O obxectivo “é acadar unha cobertura do 70%” entre os nados entre 2014 e 2022, é dicir entre 3 e 11 anos, matriculados nos centros incluídos no programa piloto. En función das coberturas de inmunización acadadas, a Xunta avaliará a extensión do proxecto piloto ao resto de centros escolares en futuras campañas de vacinación.

O feito de que se aplique a vacina fronte á gripe por vía intranasal, que evita o pinchazo, facilita a loxística da actuación. Para iso, segundo salientou Rueda, “equipos de enfermería das sete áreas sanitarias desprazaranse aos colexios participantes” para a administración da vacina intranasal nas propias instalacións dos centros.

A finalidade última, de acordo coa campaña xeral de inmunización fronte á gripe, é diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas deste virus na poboación infantil, tentando minimizar o impacto na saúde deles mesmos, das súas familias e de toda a poboación, mediante a prevención coa rotura da cadea de transmisión.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As Consellerías de Sanidade e de Educación informarán aos centros participantes e ás familias dos detalles do programa e da importancia da vacinación antigripal. Para iso, este mesmo mércores celebrarase unha reunión por videoconferencia cos responsables dos centros escolares seleccionados para explicar os obxectivos do programa e o protocolo que se seguirá.

Ademais, en cada un dos centros participantes organizaranse reunións coas familias e co equipo de enfermería para informar, resolver dúbidas e entregar a folha informativa e a autorización para a vacinación. As familias deberán asinar o consentimento para a vacinación do seu fillo e entregala no centro. Antes de proceder á inmunización, os equipos de enfermería recompilarán a información sobre a historia clínica dos rapaces autorizados a recibir a vacina intranasal fronte á gripe.

### **55 centros escolares seleccionados**

O piloto realizarase nun total de 55 centros, seleccionados para acadar unha representatividade dos estratos urbanos, semiurbanos e rurais das catro provincias, distribuídos segundo as áreas sanitarias. En concreto, 9 centros pertencen á área sanitaria da Coruña e Cee; 2 á área sanitaria de Ferrol; 9 á área sanitaria de Lugo, Monforte de Lemos e A Mariña; 10 á área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; 6 da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés; 8 da área sanitaria de Vigo; e 11 da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Centros educativos seleccionados da área sanitaria da Coruña e Cee: CEIP Eusebio da Guarda, CEIP Plurilingüe María Barbeito e Cerviño, CEIP Raquel Camacho e CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida (A Coruña); CEIP Ramón Otero Pedrayo (A Laracha); CEIP Francisco Vales Villamarín (Betanzos); CEIP Fogar (Carballo); CPR Plurilingüe Andaina (Culleredo); e CPR Plurilingüe Hijas de Cristo Rey (Oleiros).

Na área sanitaria de Ferrol os centros educativos participantes no programa son o CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira e o CPR Plurilingüe Sagrado Corazón, ambos no concello de Ferrol.

Colexios pertencentes á área sanitaria de Lugo, Monforte de Lemos e A Mariña: CEIP Plurilingüe Vista Alegre (Burela); CPI Plurilingüe Virxe do Monte (Cospeito); CPI Plurilingüe Dr. López Suárez (Friol); CEIP Plurilingüe Lagostelle (Guitiriz); CEIP Luís Pimentel e CPR Plurilingüe San José (Lugo); CPR Plurilingüe Nuestra Señora de la Asunción (Sarria); EEI Vilalba (Vilalba); e CPR Plurilingüe Landro (Viveiro).

Centros seleccionados na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras: CPR Pablo VI Fátima (A Rúa); CPI Plurilingüe Antonio Faílde (Coles); CPI Terras de Maside (Maside); CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo e CPR Plurilingüe Sagrado Corazón (O Carballiño); CPR Plurilingüe Miraflores (O Pereiro de Aguiar); CEIP Plurilingüe Irmáns Villar e CPR Plurilingüe Divina Pastora (Ourense); CPR Plurilingüe María Inmaculada (Verín); e CEIP Carlos Casares (Xinzo de Limia).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés os centros escolares que participan no programa piloto son: CPR Sonrisas y Lágrimas (A Illa de Arousa); CEIP San Tomé (Cambados); CEIP A Xunqueira II e EEI Concepción Crespo Rivas (Pontevedra); e CEIP Plurilingüe Arealonga e CPR Plurilingüe Sagrada Familia (Vilagarcía de Arousa).

Na área sanitaria de Vigo os colexios escollidos son: CRA María Zambrano (O Rosal); CPR Plurilingüe Lar (Mos); CRA Raíña Aragonta (Salceda de Caselas); CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón (Salvaterra de Miño); e CEIP Plurilingüe García Barbón, CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro, CPR Plurilingüe Santiago Apóstol e EEI Vila Laura (Vigo).

Por último, na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza os colexios participantes no programa piloto de vacinación nos centros escolares son: CPR Plurilingüe Nosa Señora de Lourdes (A Estrada); EEI do Milladoiro (Ames); CPR Plurilingüe Nosa Señora do Rosario (Arzúa); CEIP Xesús Golmar (Lalín); CEIP Plurilingüe O Coto (Negreira); CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao (Ordes); CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés (Oroso); CPR Plurilingüe Nosa Señora Inmaculada (Santa Comba); CEIP das Fontiñas e CPR Plurilingüe La Salle (Santiago de Compostela); e CPR Plurilingüe María Inmaculada (Silleda).

### **Novidades da campaña de vacinación fronte á gripe**

O programa piloto para a vacinación fronte á gripe por vía intranasal nos centros escolares de Galicia é unha das novidades da campaña de vacinación fronte á gripe deste ano, que se iniciará o 29 de setembro, amplía as proteccións en nenos e maiores e realizarase sen recorrer á habilitación dos grandes recintos.

Destaca a ampliación da idade de vacinación infantil ata os 11 anos, que ademais se realizará por vía intranasal para evitar o pinchazo e coa posta en marcha deste programa piloto de vacinación en 55 centros escolares. Nos maiores, amplíase a administración da vacina antigripal de alta carga para as persoas de 70 a 79 anos, que ata o de agora se administraba a maiores de 80. Ademais a compra desta vacina farase mediante unha modalidade pioneira, o acordo de risco compartido, en función dos resultados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COLABORA CON MÁIS DE 500.000 € CO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL DE FERROL PARA O DESENVOLVIMENTO DE ACTIVIDADES AO LONGO DOS ÚLTIMOS SEIS ANOS

- O Consello do Goberno galego avalía o apoio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a esta entidade desde 2019 ata a actualidade
- O informe avala o investimento neste período por tratarse dun proxecto co principal museo marítimo de España e o máis completo en Europa na súa temática
- A maiores, salienta a súa contribución á dinamización da comarca e que facilita un mellor coñecemento deste tipo de industria

O Goberno galego leva colaborado con máis de 500.000 euros co Museo da Construción Naval de Ferrol ao longo destes últimos seis anos para contribuír a garantir o seu funcionamento, á vez se colabora coa a realización de actividades expositivas e de difusión, así como de restauración dos seus fondos.

Así se dá conta no informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta no que se analiza esta colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, iniciada en 2019 e que se mantén na actualidade, pola "singularidade" do museo e do arquivo, que están baixo a titularidade e xestión da Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construción Naval e das Actividades Marítimas.

De igual xeito, no documento enxálzase o "claro interese xeral para Galicia" deste proxecto ao considerar acreditado que "dinamiza a comarca e o sector" a través do fomento e a divulgación da actividade museística, "contribuíndo a un mellor coñecemento da industria da construción naval, facendo fincapé no papel que desempeñou Ferrol neste eido".

#### **O museo máis completo de Europa na súa temática**

Na mesma liña, a análise defende o investimento do Executivo autonómico no museo por tratarse do "principal que existe en España especializado na historia da construción naval no mundo", á vez que salienta que os expertos o catalogan como "o máis completo de Europa na súa temática".

Con respecto ao arquivo do Museo, o informe destaca a "colección única" que acolle e que reúne fondos museográficos e documentais do patrimonio marítimo e industrial de "gran valor". Entre eles, fai fincapé no pecio da Fragata Magdalena, afundida na ría de Viveiro en 1810, e recuperada pola Armada Española nos anos 70 e 80 do pasado século.

Ademais de pola exposición, o informe salienta o "enorme interese do amplísimo legado documental" en forma de monografías, planos e outros documentos ao servizo dos investigadores.

#### **Fondos documentais de gran valor no arquivo**

A maiores, o informe pon en valor tamén os fondos do arquivo, sinalando que posúe unha importante colección de cartas náuticas desde finais do século XIX ata mediados

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do século XX; unha colección de fotografías do estaleiro de San Felipe, e máis de 70.000 imaxes e formato analóxico e dixital.

A este material engádeselle o fondo sobre Astano, no cal se documenta polo miúdo as diferentes tipoloxías de buques construídos nese estaleiro e tamén se subliña que custodia a documentación do caso xudicial do *Prestige*, contando con planos do propio buque.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### MÁIS DE 900 PERSOAS RESULTAN BENEFICIARIAS DO BONO EMANCÍPATE POSTO EN MARCHA POLA XUNTA

- O Consello dá o visto e praxe ao informe sobre a concesión das axudas destinadas a que a xuventude afronte os primeiros gastos do fogar como é a compra de mobles
- A repartición, realizada por orde de chegada unha vez revisados os requisitos esixidos, correspóndese con preto de 500 mozos en réxime de alugueiro e máis de 400 para propietarios
- O orzamento investido neste programa por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é de 2 M€
- A iniciativa pretende ser un apoio para a mocidade de entre 18 e 35 anos que queira independizarse
- A achega faise efectiva a través dunha tarxeta moedeiro virtual a gastar en establecementos que contén con sede física en Galicia

Máis de 900 persoas resultaron ser as beneficiarias do Bono Emancípate que a Xunta de Galicia puxo a disposición da mocidade de entre 18 e 35 anos para afrontar os primeiros gastos do seu fogar. Así, tras o prazo de solicitudes rematado o pasado 30 de abril, o Consello fixo balance sobre a concesión destas axudas, adxudicadas por orde de chegada das peticións e unha vez revisados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

Así, a iniciativa, á que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destinou un orzamento de 2 M€, chegou a preto de 500 persoas que se independizaron en réxime de alugueiro, recibindo neste caso 1.500 €, e a máis de 400 que o fan nunha vivenda en propiedade, cunha contía de 3.000 €.

Neste senso, cómpre lembrar que o obxectivo deste programa é que os mozos e mozas galegas contén cun incentivo económico á hora de iniciar un proxecto de vida fóra do seu fogar habitual, e que se centra en sufragar a adquisición de mobiliario ou diversos artigos como os decorativos, obxectos do baño, téxtil ou certos electrodomésticos esenciais. Tamén poderán empregar a axuda en gastos que teñan que ver con xestoría e notaría ou derivados dos servizos de transporte de mudanza.

Deste xeito, trátase dunha liña de apoio complementaria a outras que teñen que ver co prezo de compra dun inmovible ou a renda do alugamento. O acceso á mesma estivo supeditado a certos requisitos como figurar dentro da franxa de idade indicada, ter, polo menos, unha fonte regular de ingresos, posuír a nacionalidade española ou dalgún dos Estados da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, ou estar empadroadas na vivenda na cal van permanecer, entre outras cuestións.

#### **Compras en tendas físicas galegas**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude puxo en marcha o Bono Emancípate para dar resposta ás demandas da mocidade galega ante as dificultades de acceso a unha vivenda de seu que lle permita iniciar un proxecto de vida independente. Así, con esta iniciativa trátase de complementar as políticas de vivenda que xa vén desenvolvendo a Xunta de Galicia cunha acción diferente, dirixida a cubrir en parte os gastos que leva consigo a posta en marcha dun fogar.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta proposta súmase a outras de carácter transversal nas que interveñen varios departamentos da Administración autonómica como é a promoción de vivendas colaborativas para menores de 36 anos.

Unha vez concedidas e comunicadas as axudas, fanse efectivas a través dunha tarxeta moedeiro virtual, expedida a nome da persoa beneficiaria, para ser usada ata o 31 de decembro de 2025 como data límite. Ademais, as compras que se realicen deberán facerse en comercios especializados, grandes superficies, empresas de mudanzas, xestorías e notarías que teñan establecemento aberto en Galicia e non se poderá utilizar en compras a distancia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DECLARARÁ BEN DE INTERESE CULTURAL O MUÍÑO DAS MAREAS DA SECA NAS VINDEIRAS SEMANAS

- O Consello da Xunta informa sobre o inicio do procedemento de incoación este mesmo mes, o que suporá a protección inmediata deste espazo
- Os técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destacan o espazo como “expresión relevante e significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego”
- Ademais do seu valor etnolóxico, pódese atribuír valor histórico, dada a súa antigüidade e vinculación coa historia dos asentamentos de Fefiñáns e Cambados

A Xunta declarará o Ben de Interese Cultural o Muíño das Mareas da Seca, situado en Cambados, na categoría de lugar de valor etnolóxico. Así se anunciou hoxe no Consello da Xunta, onde se informou que o procedemento de incoación se porá en marcha este mesmo mes, coa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, o que suporá a protección inmediata deste espazo.

Co inicio deste trámite, o Goberno galego busca dotar esta infraestrutura sobranceira coas máximas medidas de protección para salvagardala como expresión relevante e significativa da identidade a cultura e as formas de vida do pobo galego.

Tal e como describen os técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, o Muíño da Seca é un dos escasos exemplos de muíños de marea que queda nas costas galegas e representa un testemuño excepcional dunha tradición cultural practicamente desaparecida e moi significativo do amplo período histórico en que se desenvolveron este tipo de instalacións, así como da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego.

Cómpre lembrar que o uso principal e característico deste espazo foi o de instalación de moenda e transformación de cereal en fariña, ademais de ser usado como vivenda da familia encargada da instalación e posteriormente corte do gando. Ademais, o edificio foi obxecto dunha rehabilitación integral en 1995 que o transformou para dedicalo a fins expositivos e na actualidade só funciona de xeito puntual como espazo expositivo.

Ademais do seu valor etnolóxico, pódese atribuír valor histórico, dada a súa antigüidade e vinculación coa historia dos asentamentos de Fefiñáns e Cambados e un gran valor arquitectónico, xa que é mostra da arquitectura tradicional de carácter rural.

O contorno de protección proposto do Muíño das mareas da Seca comprende os espazos e construcións próximos cuxa alteración pode incidir na percepción e comprensión dos valores culturais do ben no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo. Con este fin, tomáronse como referencia algunhas das delimitacións urbanísticas, as infraestruturas existentes, as rúas e o parcelario. A delimitación proposta abrangue unha superficie de 578.314 m<sup>2</sup>, gran parte da cal está constituída polas augas do mar.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA UNHA NOVA LEI DE COOPERATIVAS PARA IMPULSAR ACTIVIDADES ESTRATÉXICAS E SIMPLIFICAR TRÁMITES A TRAVÉS DA DIXITALIZACIÓN E A TRANSPARENCIA**

- Salienta a necesidade de adaptar a normativa vixente -que ten case 30 anos- “á realidade legal, social e económica actual”
- Lembra o peso deste tipo de entidades en Galicia que supera por primeira vez as 2.000 entidades, “move 3.500 M€ ao ano” e “xera máis de 78.000 empregos”
- A futura lei pon o foco na potenciación deste modelo de negocio en áreas e servizos clave para Galicia como os coidados, a enerxía ou a vivenda
- Promove un réxime administrativo máis flexible, favorece unha comunicación máis áxil cos socios e permite unha maior visibilización das cooperativas de cara a procesos de licitación pública
- O conselleiro salienta a aposta da Xunta por un modelo empresarial “moderno, flexible e arraigado ao territorio” que “sitúa ás persoas no centro”
- A lei impulsa tamén a modernización e dixitalización do Rexistro de Cooperativas, permitindo tramitar e obter documentos de forma automática, mellorar a información e a transparencia nas xestións e facilitar estudos estatísticos
- A Xunta demandará ao Estado actualizar a Lei de réxime fiscal das cooperativas, modernizando o seu rexime especial de protección e, ademais, que se lles outorgue automaticamente calquera beneficio fiscal aplicable a outros modelos empresariais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello deu o visto e praxe a avanzar no anteproxecto da nova Lei de Cooperativas de Galicia “que promoverá a creación de cooperativas en novos sectores estratéxicos e permitirá simplificar os trámites destas entidades”.

Rueda salientou a necesidade de adaptar a actual normativa – que ten case 30 anos- “á realidade legal, social e económica da actualidade”. “Queremos ofrecer menos trabas e máis apoio ás cooperativas para que sigan sendo un motor da nosa economía”, indicou o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González.

O conselleiro resaltou que a futura norma -que será remitida ao Parlamento nos vindeiros meses- “busca fortalecer e modernizar este modelo empresarial”. Con este obxectivo a lei pon o foco na capacidade desta fórmula para seguir impulsando a creación de novas iniciativas en sectores clave para o territorio —como os servizos sociais, a enerxía ou a vivenda—, proporcionándolles maior seguridade xurídica e ferramentas máis claras. Ao mesmo tempo, incorpora medidas de simplificación administrativa e de reforzo da dixitalización e profesionalización do sector para facilitar tanto a creación e posta en marcha de novas cooperativas como a xestión e consolidación das xa existentes, reforzando a súa presenza en todo o territorio galego.

Deste xeito, a futura lei permitirá seguir reforzando un sector en pleno auxe, que tal e como lembrou o presidente “por primeira vez na historia supera o fito das 2.000

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cooperativas activas, o que supón un 40% máis que hai só 5 anos”. Ademais, salientou que este tipo de entidades xeran “un volume de negocio de 3.500 millóns de euros anuais” —máis do 5 % do PIB galego— e “dan emprego a máis de 78.000 persoas”.

Neste marco, o anteproxecto, elaborado tras un amplo proceso participativo co sector —coa colaboración do Consello Galego de Cooperativas, o Centro de Estudos Cooperativos da USC e de entidades como EspazoCoop e Agaca—, persegue consolidar estes datos e reforzar o papel do cooperativismo na creación de emprego e no impulso do emprendemento, especialmente no rural.

A norma actualizará, entre outras cuestións, o réxime xurídico, incorporará ferramentas para mellorar a xestión e facilitará a posta en marcha de novos proxectos, fortalecendo a autonomía organizativa das entidades e reforzando a promoción e formación. A consideración do informe de hoxe é o paso previo á tramitación legal preceptiva —solicitude de ditames e informes correspondentes— antes da súa aprobación definitiva nos vindeiros meses. Para potenciar este esforzo do Goberno galego, a Xunta lembra a necesidade de que o Estado actualice a Lei de réxime fiscal das cooperativas —vixente desde hai máis de 30 anos— para adaptala á nova realidade, blindando e modernizando o réxime fiscal estatal de protección das cooperativas e, ademais, que se lles outorgue automaticamente calquera beneficio fiscal aplicable a outros modelos empresariais, en liña co xa feito por Galicia no marco das súas competencias.

### **Novas tipoloxías de cooperativas**

A nova lei aspira a ofrecer un marco xurídico renovado que permita que o cooperativismo gañe presenza e forza en sectores cada vez máis estratéxicos para Galicia. Porén, un dos eixes centrais é a incorporación de novas tipoloxías de cooperativas que están a demostrar a súa capacidade para dar resposta ás necesidades económicas e territoriais. Así, por primeira vez establécese un marco específico para as cooperativas de traballo asociado no sector dos coidados, orientadas á prestación de servizos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, entre outros colectivos vulnerables. O obxectivo é impulsar este modelo como ferramenta estratéxica fronte á dispersión, o envellecemento e a crecente demanda de servizos no rural, favorecendo o emprego e ofrecendo unha alternativa aos concellos á hora de prestar servizos de proximidade. De feito, coas novidades previstas no Rexistro de Cooperativas, favorecerase unha maior visibilidade destas iniciativas, especialmente relevante en procesos de licitación pública.

Outra novidade son as cooperativas de enerxía —tanto de xeración e/ou almacenamento como de consumo—, que permitirán afrontar os custos enerxéticos nos pequenos núcleos e promover un desenvolvemento sostible das economías locais. Tamén se recollen novas fórmulas cooperativas vinculadas a inmobles destinados a actividades económicas, como residencias da terceira idade ou estudantes, co gallo de ofrecer unha solución de habitabilidade temporal a prezo de custe; e clarifícase a normativa das de vivenda en aras de maior seguridade e protección dos socios. A norma introduce tamén melloras noutras xa incluídas na lei anterior, como transporte, ensino, consumo ou inclusión social.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Dixitalización e simplificación administrativa**

A simplificación dos trámites é outro eixo clave. Establécese un réxime administrativo máis flexible, potenciando o papel da web corporativa e unha comunicación máis áxil con socios mediante medios electrónicos. Amplíanse os usos do fondo de educación e promoción —o 5 % do beneficio— para igualdade, conciliación, incorporación de xente nova e relevo xeracional, facendo deste instrumento unha panca eficaz para modernización e sustentabilidade das cooperativas.

Ademais, a norma impulsa a dixitalización do Rexistro de Cooperativas, de xeito que os trámites e a obtención de documentos poidan realizarse de forma automática, mellorando información e transparencia, e facilitando estudos estatísticos. Prevese tamén a comunicación áxil con socios e socias mediante medios electrónicos, garantindo sempre a seguridade xurídica.

A futura lei, segundo resaltou o conselleiro, amosa que “Galicia aposta polo cooperativismo que é apostar polo futuro e un modelo empresarial que sitúa no centro ás persoas”. González defendeu este tipo de entidades a ser “un modelo moderno, flexible e arraigado ao territorio”.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONGREGA MÁIS DE 200 PRESCRITORES EN LISBOA CO PROXECTO 'ARTESANÍA NO PRATO' QUE PROMOVE PEZAS DE ARTESANÍA DE GALICIA COMO SOPORTE DA GASTRONOMÍA

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre o evento profesional 'Artesanía no Prato. O sabor da Galicia em Lisboa', que se celebrou do 14 ao 16 de setembro na capital portuguesa
- A ampla representación de profesionais da gastronomía, da hostalería e do contract, así como de medios especializados, traducíuse tamén en numerosos contactos comerciais que se están a materializar en encargos firmes para os obradoiros galegos
- A cita incluíu mostras de cociña de seis chefs galegos e dun portugués, unha cata de queixos galegos e a exposición permanente das ceramistas Ana Tenorio e Laura Delgado, ambas galardoadas co Premio Artesanía de Galicia
- Tamén a presentación do libro 'Artesanía no Prato', cuxa segunda edición de 2025 amosa o traballo de 33 obradoiros de Artesanía de Galicia e de 15 restaurantes galegos, e do destino Galicia ante prescritores e profesionais do turismo portugués
- Grazas ao proxecto pioneiro 'Artesanía no Prato', que acumula doce anos de andaina e recoñecementos, máis de 50 artesáns e artesás están traballando con chefs de todo o mundo, así como con grandes empresas distribuidoras de enxoval para hostalaría

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre o evento profesional *Artesanía no Prato. O sabor da Galicia em Lisboa*, que se celebrou do 14 ao 16 de setembro na capital portuguesa e que conseguiu congrega máis de 200 prescritores procedentes do sector da restauración; de tendas de deseño, artesanía ou produto gastronómico; de grupos de investimento do sector hostaleiro; así como representantes institucionais e de medios especializados. O evento que promoveu as pezas de Artesanía de Galicia como soporte da gastronomía traducíuse tamén en numerosos contactos comerciais que se están a materializar en encargos firmes para os obradoiros artesáns da nosa Comunidade.

Deste xeito, agárdase un importante retorno en venda directa de pezas de Artesanía de Galicia e, sobre todo, no establecemento de colaboracións con chefs e establecementos portugueses, tanto das persoas artesás que asistiron a Lisboa como daquelas que participaron a través das súas pezas para os showcookings. Centrado no proxecto pioneiro *Artesanía no Prato*, que busca sinerxías entre a artesanía e a gastronomía, o evento combinou mostras de cociña, encontros profesionais e actividades divulgativas. O obxectivo é impulsar a promoción e a comercialización da gastronomía, do produto e da artesanía de Galicia en Portugal consolidando os vínculos entre os dous territorios.

No evento participaron seis cociñeiros galegos —Javier Olleros (Culler de Pau, O Grove), Jorge Gago (A Maceta, Santiago de Compostela), Héctor López (Restaurante España, Lugo), Lucía Freitas (A Tafona, Santiago), Pablo Morales (Habaziro Concept, A Coruña) e Pepe Solla (Casa Solla, Poio)—, o chef portugués Henrique Sá Pessoa (Alma, Lisboa), e as

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ceramistas Ana Tenorio, do taller Wichtneeds (Vigo), e Laura Delgado (Cambre), ambas gañadoras do Premio Artesanía de Galicia en 2018 e 2022, respectivamente.

Nas demostracións e degustacións empregáronse produtos de calidade e marcas galegas, cuxos soportes foron pezas de cerámica, olería, madeira e coiro elaboradas por 14 obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia: os de Buño (Malpica de Bergantiños) Alberto Lista e Alfarería Rulo, os de Vigo Ana Tenorio e Ojea Studio, os de Santiago Degerónimo e Sangiovanni Lorenzo, Atalanta Madera (A Estrada), Cunqueiro (Palas de Rei), Carballo Estrela (Pontevedra), Celso Ferreiro (A Fonsagrada), Eferro (Vila de Cruces), Raposiñas (A Pobra do Caramiñal) e Susana Anta (A Coruña).

No evento tamén se presentou o libro *Artesanía no Prato*, reeditado este ano e que amosa un percorrido polo proxecto homónimo desde o seu inicio no 2013. Nesta publicación —editada en galego, en castelán e en inglés, con textos de Macarena Navarro-Reverter— inclúense unha escolma de fotografías de Stephane Lutier nas que se amosan pezas de 33 obradoiros de Artesanía de Galicia e menús de 15 restaurantes galegos. A maiores, tivo lugar unha cata de queixos premiados nas Catas de Queixos de Galicia e a presentación do destino Galicia ante prescritores e profesionais do sector turístico portugués.

### ***Artesanía no Prato***

Con *Artesanía no Prato* conséguese unir e enxalzar dous ámbitos ligados ao territorio e á produción local, mellorando a experiencia sensorial da persoa consumidora e engadindo singularidade. A través da gastronomía, Artesanía de Galicia logra chegar a públicos que aprecian a autenticidade das pezas e dos menús, mentres que os cociñeiros logran que o deseño dos soportes artesanais se axusten ao que queren expresar en cada prato.

O proxecto xa supón que máis de 50 obradoiros artesanais están traballando con chefs galegos, nacionais (País Vasco, Cataluña, Comunidade de Madrid, Andalucía e Comunidade Valenciana) e internacionais a raíz deste proxecto, así como con grandes empresas distribuidoras de enxoval para hostalería. Cómpre sinalar que as persoas artesás que se suman á iniciativa fóronse especializando en moitos casos nesta liña de traballo.

Cabe engadir que o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 inclúe no seu segundo eixe, para a dinamización e visibilidade do comercio, unha medida para impulsar o posicionamento da marca Artesanía de Galicia, apoiando a comercialización de produtos artesanais en feiras profesionais e de venda directa e organizando e colaborando en eventos de comercialización, mercados e outras fórmulas de posicionamento.